

## **As Audiencias Provinciais**

As Audiencias Provinciais son tribunais de xustiza que abarca unha provincia e teñen a súa sede na capital respectiva. Son órganos colexiados con competencia nas ordes xurisdicionais civil e penal.

As Audiencias Provinciais coñecen dos recursos de apelación que se formulen fronte a decisións adoptadas polos órganos unipersoais da provincia. Na orde penal, coñece do axuizamento dos delitos que levan apareladas penas de maior gravidade (para as que non son competentes os Xulgados do Penal). Un maxistrado da Audiencia Provincial, por orde de reparto, preside o tribunal do xurado. A Audiencia coñece en única instancia os recursos de anulación dos laudos arbitrais.

A Audiencia Provincial de A Coruña está dividida en seis seccións, cinco delas teñen a súa sede en A Coruña, das que dúas teñen competencias en materia Civil, tres en materia Penal. A sexta sección está situada en Santiago de Compostela e ten competencias en materias civil e penal. A sede en A Coruña atópase na Rúa Capitán Juan Varela s/n e a sede en Santiago de Compostela na Rúa Viena s/n.

A Audiencia Provincial de Lugo está dividida en dúas seccións, unha delas con competencia en materia Civil e a outra en materia Penal. Atópase na Praza de Avilés s/n.

A Audiencia Provincial de Ourense está dividida en dúas seccións, unha delas con competencia en materia Civil e a outra en materia Penal. Atópase na Praza de Concepción Arenal nº 1.

A Audiencia Provincial de Pontevedra está dividida en seis seccións. Catro delas teñen a súa sede en Pontevedra, dúas delas teñen competencias en materia Civil, e as outras dúas en materia Penal. A sección quinta, con competencia en materia penal, e a sección sexta, con competencia en materia civil, teñen a súa sede en Vigo. A sede en Pontevedra atópase na Rúa Salvador Moreno nº 5 e a sede en Vigo atópase na Rúa Lalín nº 4.